

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CREA O COMITÉ DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

A UDC, no Consello de Goberno do 25 de xaneiro de 2022, aprobou o Plan de medidas antifraude da UDC.

No seu punto 4 figura que o reitor da UDC, mediante resolución, procederá á creación do Comité de Medidas Antifraude (CMA) como órgano colexiado encargado de coordinar e supervisar o cumprimento do Plan de medidas antifraude da UDC, así como ao nomeamento dos seus membros.

DISPOÑO:

PRIMEIRO. O nomeamento dos seus membros, que serán os que se relacionan a continuación:

- a) O/a xerente/a, ou a persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a
- b) O/a vicerreitor/a responsable da área de Economía, ou a persoa en quen delegue
- c) O/a vicerreitor/a responsable da área de Investigación, ou a persoa en quen delegue
- d) O/a vicexerente/a da área de Coordinación, ou a persoa en quen delegue
- e) O/a vicexerente/a da área de Economía e Finanzas, ou a persoa en quen delegue
- f) O/a vicexerente/a da área de Investigación, ou a persoa en quen delegue
- g) O/a secretario/a xeral da UDC, ou a persoa en quen delegue, que actuará como secretario/a

SEGUNDO. O CMA poderá estar asistido por unha secretaría técnica de apoio.

TERCEIRO. As funcións do CMA son as seguintes, de acordo co aprobado no Plan de medidas antifraude da UDC:

- a) Realizar un exercicio inicial de avaliación dos riscos, impactos e probabilidades do risco de fraude nos procesos clave de execución dos fondos e revisalo coa periodicidade que se establece no Plan de medidas antifraude.
- b) Velar polo correcto desenvolvemento e cumprimento do Plan.
- c) Coordinar a implantación das medidas antifraude incluídas no Plan.
- d) Potenciar a formación interna en materia de integridade institucional e ética pública e propoñer diferentes opcións de formación teórica e práctica, especialmente para aqueles sectores que se consideren de especial risco. Para iso estableceranse, por unha banda, plans de formación específicos internos para os membros do Consello de Dirección, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e alumnado da UDC; e, por outra, cantas accións de sensibilización se estimen oportunas, como poden

| Código Seguro De Verificación | oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso  | Asinado | 11/03/2022 13:18:13 |
| Observacións                  |   | Páxina  | 1/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



ser xornadas, comunicacións e obradoiros, entre outras.

- e) Analizar e valorar o funcionamento e a efectividade das medidas e propoñer modificacións, de ser o caso.
- f) Informar periodicamente o Consello de Goberno sobre o desenvolvemento e a implementación do Plan.

CUARTO. Os membros do CMA non percibirán indemnización pola asistencia ás sesións.

QUINTO. O seu funcionamento adecuarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTO. Esta resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Asinado electronicamente polo reitor

| Código Seguro De Verificación | oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso  | Asinado | 11/03/2022 13:18:13 |
| Observacións                  |   | Páxina  | 2/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oiDka723WJaTa5R/dPStSQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |

